

Apuntamentos sobre a flora vascular galega, XIII

X. SOÑORA, J. RODRÍGUEZ-OUBIÑA & S. ORTIZ

Departamento de Biología Vexetal. Facultade de Farmacia. Universidade de Santiago
15706 Santiago de Compostela. España

Resumo

SOÑORA, X., RODRÍGUEZ-OUBIÑA, J. & ORTIZ, S. (1993). Apuntamentos sobre a flora vascular galega, XIII. *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 4: 25-29

Cítanse 21 plantas vasculares de diverso interese corolóxico para Galicia, das que 5 especies son citadas por primeira vez para este territorio: *Cannabis sativa* L., *Crepis setosa* Haller fil., *Phalaris paradoxa* L. e *Tropaeolum majus* L., de orixe alóctona, e *Vicia narbonensis* L.

Palabras chave: Flora vascular, coroloxía, Galicia, Península Ibérica.

Abstract

SOÑORA, X., RODRÍGUEZ-OUBIÑA, J. & ORTIZ, S. (1993). Notes on galician vascular flora, XIII. *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, 4: 25-29

We present new information on the distribution of 21 vascular plants in Galicia. Five of these taxa have not been cited previously from Galicia: *Cannabis sativa* L., *Crepis setosa* Haller fil., *Phalaris paradoxa* L. and *Tropaeolum majus* L., all of allochthonous origin, and *Vicia narbonensis* L.

Key words: Vascular flora, chorology, Galicia, Iberian Peninsula.

Con este continuamos unha serie de artigos, nos que se aportan novidades corolóxicas á flora vascular galega, que veñen publicando diversos membros do Laboratorio de Botánica da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago, a cal, baixo o epígrafe «apuntes sobre la flora gallega», iniciaron en 1983 Izco *et al.*

Armeria merinoi (Bernis) Nieto Feliner & Silva Pando

Pontevedra. Agolada, Basadre, 5-06-1990, 29TNH8243.

Importante microendemismo das rochas ultrabásicas da área central de Galicia. En «Flora Ibérica» NIETO FELINER (1990:664) sinala esta

planta nas provincias da Coruña e Lugo. A de Pontevedra, aparece co símbolo «?» que expresa dúbida sobre a súa existencia nesta provincia. Esta nova localidade é a confirmación da presenza desta planta na provincia de Pontevedra.

Buddleja davidii Franchet

A Coruña. Ferrol, Serantes, na canteira abandonada baixo a ermida de Chamorro, na ladeira norte do monte co mesmo nome, 1-07-1983, 29TNJ6118. Narón, Freixeiro, 10-07-1992, 29TNJ6617. Bergondo, Gandarío, 31-10-1992, 29TNH6295. Neda, A Mourela, 8-11-1992, 29TNJ7018.

Pontevedra. Vigo, Zamáns, na beira dun camiño, 15-07-1989, 29TNG2667.

Arbusto ornamental orixinario da China. Está bastante estendido nos soares, descampados e lugares onde se fixeron movementos de terra, próximos a zonas urbanas e non necesariamente nitrificados. RODRÍGUEZ GRACIA (1983:19) deu as primeiras citas galegas concretas, nos soares nitrificados da cidade de Ourense; ademais afirmou vela en diferentes puntos da provincia da Coruña, sen facer referencias a lugares concretos. Estas son primeiras citas provinciais para A Coruña e Pontevedra.

Cannabis sativa L.

A Coruña. Ferrol, Caranza, 30-10-1991, 29TNJ6415, un só exemplar nun xardín, abandonado, dentro do polígono. Ferrol, Canido, 22-06-1989, 29TNJ6215. Ames, Viduido, 16-06-1992, 29TNH3343.

Primeiras citas para Galicia desta planta mediterránea alóctona. A súa presenza con toda probabilidade é debida aos cânabos presentes nas comidas de paxaros domésticos. MERINO (1906:588) xa sinalaba a súa presenza en Galicia como planta de cultivo.

Crepis setosa Haller fil. subsp. *setosa*

A Coruña. A Coruña, proximidades da estación de autobuses, 27-06-1988, 29TNH4799, en pasteiros nitrificados da asociación *Lolio-Plantaginetum maioris* Berger 1930. Santiago, Campus Universitario Sur, 13-06-1989, 29TNH3647, en ambientes viarios.

Primeira cita para Galicia desta especie; BABCOCK (1947:867) sinala a súa presenza unicamente no N.E. peninsular.

Crucianella angustifolia L.

A Coruña. Barazón, 15-06-1990, 29TNH8145.

Citada de diversas localidades das provincias de Ourense e Lugo, menos coñecida na de Pontevedra e incertamente na provincia da Coruña, xa que Merino sinala un «Mellid», pero na

demarcación da provincia de Ourense (MERINO, 1906:268). Esta é, pois, primeira cita provincial ou confirmación da cita de Merino para a provincia da Coruña.

Ecballium elaterium (L.) A. Richard subsp. *elaterium*

A Coruña. Ferrol, A Graña, 18-08-1991, 29TNJ5914, ribeira da praia artificial. Ferrol, Canido, nunha terra cultivada, 20-08-1985, 29TNJ6214.

Novas aportacións para a provincia da Coruña desta planta alóctona. Nesta mesma provincia xa fora atopada anteriormente, nas proximidades do matadoiro da cidade da Coruña, única localidade galega onde era coñecida ata agora (GUITIÁN *et al.*, 1987:141; GONZÁLEZ, 1988:34).

Epipactis helleborine (L.) Crantz

A Coruña. Fene, fraga do río Beelle, 10-09-1992, 29TNJ7113.

MERINO (1909:95) sinalou esta planta como rara en Galicia e citouna como *E. atrorubens* Hoffmanns. das Eiras (Pontevedra) e Diomondi (Lugo) e co seu sinónimo *E. latifolia* All. das Ermidas (Ourense). Posteriormente LAÍNZ (1967:45) revisou o material de Merino e ademais aportou algunhas novas localidades da provincia de Ourense: Saviñao, O Bolo e Rubiá. SILVA-PANDO *et al.* (1987:59) engadiron unha nova localidade: Carballeda (Lugo). A presente cita é novidade provincial para A Coruña.

Fraxinus ornus L.

Pontevedra. Vigo, estación do ferrocarril, 18-05-1992, 29TNG2577.

Citado anteriormente só de Muros, provincia da Coruña (GÓMEZ VIGIDE *et al.*, 1989:102). Esta é primeira cita provincial para Pontevedra e segunda para Galicia desta árbore alóctona.

Fritillaria lusitanica* Wikström subsp. *lusitanica

A Coruña. Malpica de Bergantiños, Illas Sisargas, 20-08-1989, 29TNJ1302.

Novidade provincial. Non coñecemos máis referencias para Galicia que a de FERNÁNDEZ-ARIAS & DEVESA ALCARAZ (1990:74) que a sinalaron do Courel (Lugo) e tamén de León e Zamora.

***Hordeum histrix* Roth**

Pontevedra. Estación de Pontevedra, 7-05-1988, 29TNG3097.

Primeira localidade provincial desta planta citada unha soa vez de cada unha das outras tres provincias galegas por MERINO (1909:381) como *Hordeum maritimum* With. Posteriormente, AMIGO & GIMÉNEZ DE AZCÁRATE (1990:117) engadiron unha nova referencia de Rubiá, provincia de Ourense, e GARCÍA MARTÍNEZ *et al.* (1991:53) outra de Melide (A Coruña).

***Mirabilis jalapa* L.**

A Coruña. Valdoviño, nun barbeito preto da praia da Frouseira, 23-09-1989, 29TNJ3828. Ortigueira, O Viso, cascalheiro á beira da estrada a Ferrol, 27-10-1991, 29TPJ0747. Mañón, Porto de Bares, 27-10-1991, 29TPJ0747. Ferrol, Doniños, Outeiro, 27-10-1992, 29TNJ5616.

Orixinaria de América tropical e cultivada frecuentemente como planta ornamental, pode verse asilvestrada en diversas localidades da provincia da Coruña. GALÁN CELA (1990:59) sinálala dentro de Galicia soamente na provincia de Pontevedra. Estas son as primeiras citas provinciais para A Coruña.

***Phalaris paradoxa* L.**

A Coruña. Santiago de Compostela, estación do ferrocarril, 1-06-1987, 29TNH3747.

Lugo. Guitiriz, Lagostelle, 26-05-1989, 29TNH8681.

Pontevedra. Sanxenxo, 8-06-1987, 29TNG1694. Pontevedra, estación do ferrocarril, 7-05-1988, 29TNG3097.

Nova para Galicia. Vive nas beiravías e terras cultivadas da cunca mediterránea e de Europa Occidental (TUTIN, 1980:244). De orixe alóctona.

***Reseda lutea* L.**

A Coruña. Carnota, O Pindo, desembocadura do río Xallas, 27-06-1988, 29TMH9050.

Confirmación para a provincia da Coruña da presenza desta planta xa sinalada anteriormente por LANGE (1865:282) de Culleredo. Planellas tiña material herborizado das «vertentes do Sil» (PAU, 1921:57). GÓMEZ VIGIDE (1985:368), sinalou novas localidades en Rubiá (Ourense) e Tui (Pontevedra).

***Reynoutria japonica* Houtt.**

A Coruña. Ferrol, Esteiro, nun soar abandonado, 29-10-1991, 29TNJ6214.

Pontevedra. Tui, beira dunha estrada, solo algo húmido, abundante, 15-06-1988, 29TNG3007.

Planta orixinaria do Xapón, cultivada como ornamental e que se atopa asilvestrada en diversas localidades da cornixa cantábrica. NAVARRO (1990:591) sinálala para a provincia de Pontevedra. Novidade provincial para A Coruña.

***Senecio gallicus* Chaix**

A Coruña. Muros, Monte Louro, 27-05-1990, 29TMH9735.

A primeira cita desta especie en Galicia é de Ponte San Paio (Pontevedra) (LANGE, 1860:80). MERINO (1906:397; 1914:19) citouna da Guarda e Illa Bohega, na provincia de Pontevedra, e de diversas localidades no interior das provincias de Lugo e Ourense. Anteriormente non se citara da provincia da Coruña.

***Succisa pinnatifida* Lange**

A Coruña. Sta. Uxía de Riveira, Cruz de Moldes, 25-08-1991, 29TNH0218.

MERINO (1906:502) deu varias citas dos montes áridos do litoral pontevedrés: entre A Guarda e Oia, O Rosal, Tabagóns e O Porriño, esta última, tomada de LANGE (1860:63) e que ORTIZ (1988:18) confirmou ó estudar o herbario de Willkomm, é o *locus classicus* deste endemismo galaico-portugués. Non se citara anteriormente da provincia da Coruña.

***Taxus baccata* L.**

A Coruña. As Pontes, preto de Soutochao (Ortigueira), nunha barranqueira da fraga, 10-08-1991, 29TNJ9223. As Somozas, preto de Pando, 08-09-1991, 29TNJ9124. Cedeira, Meizoso (serra da Capelada), 23-08-1988, 29TNJ8439. Cedeira, Teixedelo (serra da Capelada), 23-08-1988, 29TNJ8340. Irixoa, Ambroa, As Corredoiras, 17-10-1992, 29TNH7297.

A primeira mención do teixo en Galicia é de MERINO (1909:427), do val de Teixeira e do Courel (Lugo), máis tarde CARREIRA ALVAREZ (1955:507) prognostica a súa desaparición dos bosques do val de Burón (Lugo). LAÍN Z (1968:36) cita o de Pardollán no Concello de Rubiá, Ourense. Posteriormente o mesmo LAÍN Z (1971:37) informou da súa existencia no Xurés (Concello de Lobios, Ourense) e Casaio (Concello de Carballeda, Ourense). RIGUEIRO RODRÍGUEZ *et al.* (1984:394) sinalárono de Pedrafita do Cebreiro e Baralla, ambos na provincia de Lugo e, ademais, da fraga do Eume, Monfero (A Coruña).

En canto ás novas referencias, todas elas da provincia da Coruña temos que subliñar que as de Soutochao e Pando están próximas entre si e que soamente achamos un só exemplar ben desenvolvido en cada localidade, en senllas barranqueiras e ademais un exemplar moi novo, como de 50 cm. As dúas da serra da Capelada son os restos da súa existencia nesa zona onde son frecuentes os topónimos que fan referencia a esa árbore, como Teixido e Teixedelo. En Ambroa encontramos un só exemplar xuvenil nuns restos de fraga.

***Thymus vulgaris* L.**

A Coruña. Morás, entre Arteixo e Uxes, 16-04-1989 (*leg.* Concepción Moreira), 29TNH9743.

Citada anteriormente da Fonsagrada, provincia de Lugo (CARREIRA ALVAREZ, 1955:524) e das Illas Cíes (Pontevedra) (SILVA-PANDO *et al.*, 1987:45; GUITIÁN & GUITIÁN, 1990:68). Non se citara antes para a provincia da Coruña.

***Tropaeolum majus* L.**

A Coruña. Ferrol, A Graña, 18-08-1991, 29TNJ6914. Ferrol, A Cabana, 18-08-1991, 29TNJ6115. Ferrol, Caranza, 23-06-1989, 29TNJ6415. Ferrol, Doniños, Fontá, 5-11-1992, 29TNJ5616. Pontedeume, 26-06-1991, 29TNJ6706. Valdoviño, Lago, Outeiro, 27-08-1991, 29TNJ7731. San Sadurniño, Lamas, apeadeiro do FEVE, 8-11-1992, 29TNJ7622.

Orixinaria do Perú e Colombia. Non se citara antes en Galicia.

***Vicia narbonensis* L.**

Ourense. Rubiá, Covas, 5-07-1988, 29TPG7798.

Primeira cita galega. En aciñeirais abertos con érbedos pertencentes á asociación *Genisto hystricis-Quercetum rotundifoliae* P. Silva 1965 subass. *prunetosum spinosae* Izco, Amigo & Guitián 1990. É planta nativa e cultivada na cunca mediterránea (GUINEA, 1953:67). Era coñecida de Tras-os-Montes (Portugal) (SAMPAIO, 1915:310).

***Viola suavis* M. Bieb.**

A Coruña. Ferrol, Mandiá, nun valado, 25-02-1981, 29TNJ6119. Ferrol, Serantes, nun valado, 06-03-1988, 29TNJ6116.

As citas galegas coñecidas son de zonas montañosas de Lugo e Ourense, de MERINO (1905:186): Becerreá, Cereixal, As Nogais e Cervantes, e LAÍN Z RIBALAYGUA & LAÍN Z

(1957:94): Liñares e Cruzul (Lugo), ademais dos enclaves calcarios de S. Xusto (Ourense). En todos estes casos fora confundida coa afin *V. alba* Bess. Primeira cita para A Coruña.

REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

- AMIGO, J. & GIMÉNEZ DE AZCÁRATE, J. (1990). Apuntes sobre la Flora Gallega X. *Bol. Soc. Brot.*, sér. 2, **63**: 115-120.
- BABCOCK, E.B. (1947). *The genus Crepis*. Los Angeles, 1.030 pp.
- CARREIRA ALVAREZ, E. (1955). Contribución al estudio de la Flora Gallega. Plantas herborizadas en el valle de Burón (Lugo). *Anal. Inst. Bot. A.J. Cavanilles*, **13**: 499-532.
- FERNÁNDEZ-ARIAS, M.I. & DEVESA ALCARAZ, J.A. (1990). Revisión del género *Fritillaria* L. (Liliaceae) en la Península Ibérica. *Studia Botanica*, **9**: 49-84.
- GALÁN CELA, P. (1990). *Mirabilis* L. In: Castroviejo, S. & cols. (Eds.), *Flora Ibérica*, **II**: 59-61. Madrid.
- GARCÍA MARTÍNEZ, X.R., VALDÉS-BERMEJO, E., SILVA-PANDO, F.J., RODRÍGUEZ GRACIA, V. & GÓMEZ VIGIDE, F. (1991). Aportaciones a la Flora de Galicia, IV. *Nova Acta Científica Compostelana (Biología)*, **2**: 41-56.
- GÓMEZ VIGIDE, F. (1985). Algunas aportaciones al conocimiento de la Flora Gallega. *Anales Jard. Bot. Madrid*, **41**(2): 367-380.
- GÓMEZ VIGIDE, F., GARCÍA MARTÍNEZ, X.R., VALDÉS-BERMEJO, E., SILVA-PANDO, F.J. & RODRÍGUEZ GRACIA, V. (1989). Aportaciones a la Flora de Galicia III. In: Silva-Pando, F.J. (Ed.) *Sobre Flora y Vegetación de Galicia*: 101-121. Consellería de Agricultura. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- GONZÁLEZ, E. (1988). *Flora alóctona gallega*. Universidade de Santiago de Compostela, 56 pp.
- GUINEA, E. (1953). *Estudio botánico de las vezas y arvejas españolas*. Madrid, 227 pp.
- GUITIÁN, J. & GUITIÁN, P. (1990). *A paisaxe vexetal das illas Cíes*. Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Xunta de Galicia. Santiago de Compostela.
- GUITIÁN, P., AMIGO, J. & GUITIÁN, J. (1987). Apuntes sobre la Flora de Galicia VII. *Bol. Soc. Brot.*, Sér. 2, **60**: 139-146.
- IZCO, J., GUITIÁN, J., AMIGO, J. & ORTIZ, S. (1983). Apuntes sobre la flora gallega. 1. *Trabajos Compostelanos de Biología*, **10**: 87-96.
- LAÍN Z RIBALAYGUA, J.M. & LAÍN Z, M. (1957). Aportaciones al conocimiento de la Flora Gallega III. *Broteria*, sér. C.N., **26**(53): 90-97.
- LAÍN Z, M. (1967). Aportaciones al conocimiento de la Flora Gallega V. *Anales I.F.I.E.*, **12**: 1-51.
- LAÍN Z, M. (1968). *Aportaciones al conocimiento de la Flora Gallega VI*. Madrid, 39pp.
- LAÍN Z, M. (1971). *Aportaciones al conocimiento de la Flora Gallega VII*. Madrid, 39pp.
- LANGE, J. (1860). *Pugillus Plantarum imprimis Hispanicarum, quas in itinere 1851-52 legit Joh. Lange*, **1**: 1-82. Kjöbenhavn.
- LANGE, J. (1865). *Pugillus Plantarum imprimis Hispanicarum, quas in itinere 1851-52 legit Joh. Lange*, **4**: 225-399. Kjöbenhavn.
- MERINO, B. (1905-1909). *Flora descriptiva e ilustrada de Galicia*, I, II, III. Santiago de Compostela.
- MERINO, B. (1914). Adiciones a la Flora de Galicia. *Broteria*, sér. Bot., **12**: 17-32.
- MOORE, D.M. (1968). *Tropaeolum* L. In: T.G. Tutin & cols. (Eds.), *Flora Europaea*, **2**: 204. University Press. Cambridge.
- NAVARRO, C. (1990). *Reynoutria* Houtt. In: Castroviejo, S. & cols. (Eds.), *Flora Ibérica*, **II**: 590-591. Madrid.
- NIETO FELINER, G. (1990). *Armeria* Willd. In: S. Castroviejo & cols. (Eds.), *Flora Ibérica*, **II**: 642-721. Madrid.
- ORTIZ, S. (1988). Las plantas gallegas del herbario de Willkomm (COI). *Bol. Soc. Brot.*, sér 2, **61**: 11-40.
- PAU, C. (1921). El herbario de Planellas. *Broteria*, sér. Bot., **19**: 49-65.
- RIGUEIRO RODRÍGUEZ, A. & SILVA-PANDO, F.J. (1984). Aportaciones a la Flora de Galicia, I. *Anales Jard. Bot. Madrid*, **40**(2): 385-395.
- RODRÍGUEZ GRACIA, V. (1983). Comentarios a la Flora de Galicia I. *Boletín Auriense*, **13**: 15-22.
- SAMPAIO, G. (1915). *Flora portuguesa*. Lisboa, 792 pp.
- SILVA-PANDO, F.J., RODRÍGUEZ GRACIA, V., GARCÍA MARTÍNEZ, X.R. & VALDÉS-BERMEJO, E. (1987). Aportaciones a la Flora de Galicia II. *Bol. Soc. Brot.*, sér 2, **60**: 29-68.
- TUTIN, T. G. (1980). *Phalaris* L. In: T.G. Tutin & cols. (Eds.), *Flora Europaea*, **5**: 244-245. University Press, Cambridge.